Modelo de empresa singular 102-1; 102-2; 102-5; 102-7

EROSKI é o primeiro grupo de distribución retallista de bens e servizos de gran consumo de carácter cooperativo de España e operador de referencia nas rexións de Galicia, País Vasco, Navarra, Cataluña e Baleares. A sociedade matriz do grupo é a cooperativa de consumo EROSKI, S. Coop., a cal unifica unha tripla condición: é unha empresa de distribución, unha organización de consumidores e un proxecto cooperativo no que os consumidores e consumidoras e os traballadores e traballadoras comparten protagonismo e soberanía.

EROSKI xurdiu hai 50 anos, cando sete pequenas cooperativas de consumo se uniron co obxectivo de lograr produtos de calidade a bo prezo e defender os dereitos dos consumidores e das consumidoras. Desde entón, mantivemos a nosa estratexia empresarial aliñada con este fin, garantindo un vínculo efectivo entre a estratexia da entidade e as demandas de traballadores e consumidores en xeral.

Actualmente, o desenvolvemento e a xestión da rede comercial dos nosos negocios realízanse a través da cooperativa e das outras 27 sociedades dependentes dela que conforman o Grupo EROSKI e que son as que se consolidan nos estados financeiros. A listaxe destas sociedades pode consultarse no capítulo 8 de Transparencia da presente memoria.

Organigrama das 28 sociedades do Grupo EROSKI e porcentaxe de participación de EROSKI, S. Coop. nas mesmas ao peche do exercicio de 2019